

Estimadas familias,

Durante este primeiro trimestre, no colexio, seguimos traballando e realizando as actividades e celebracións previstas.

Primeiramente, queremos agradecervos a vosa asistencia as reunión iniciais co Equipo Directivo e titores, onde tivestes a oportunidade de coñecer o noso plan xeral do curso.

Gustaríanos agradecer tamén a gran colaboración que tivestes na campaña do DOMUND.



Esperamos tamén que o 28 de outubro os nosos alumnos disfruten na festa de Halloween-Samaín que faremos no centro con moitas sorpresas e xogos.



Lembramos que o día **31 de outubro, luns** é o día do ensino, e non haberá clase.

Xa, en novembro, o venres 11, celebraremos o **Magosto**, unha divertida tarde con xogos tradicionais e moitas castañas.

A semana do 14 ao 18 de novembro traballaremos os **Dereitos da Infancia** cun proxecto de UNICEF de sensibilización cos alumnos.



O martes 22 de novembro é **Santa Cecilia**, así que esa semana realizaremos cos alumnos distintas actividades relacionadas coa música.

O venres 25 daremos a coñecer aos alumnos a tradición anglosaxona do *Thanksgiving*, ou día de **Acción de Grazas**. Unha boa oportunidade para sensibilizar aos alumnos, nas clases de inglés, sobre importancia de dar grazas por todo o que temos.



O día 25 celebraremos tamén o **día en contra da violencia de xénero** cunha exposición no salón-recreo e con outras actividades do Concello de Vigo e seguiremos traballando no centro **o rincón violeta**.



FUNDACIÓN PROVINCIAL
BANCO DE ALIMENTOS
VIGO - PONTEVEDRA

A semana de celebración da Virxe **Milagrosa** será do 21 ao 25.

Participaremos, como en anos anteriores, na campaña de recollida solidaria organizada polo **Banco de Alimentos**.



Xa sabedes que podeades colaborar, un curso máis, co centro na campaña de Amazon **un Clic para el cole**. O recaudado utilizarase para adquirir material.

Este ano haberá eleccións para a renovación do **Consello Escolar**. Iremos informando durante este mes e o seguinte de todo o proceso.

Animámosvos ademáis, a ter **reunións cos titores** para facer un seguimento da evolución académica dos vosos fillos e así conseguir os mellores resultados nesta 1ª avaliación.

As notas entregaranse o luns 5 de decembro.



Lembramos que o venres, **9 de decembro**, é o día non lectivo elixido polo centro.

Un cordial saúdo.

A DIRECCIÓN